MOI BOAS!!!

Que tal estes días de descanso? Espero que así fose pois todos temos o dereito de descansar un rato, de desconectar das labores escolares.

Mirade unha cousa e falando de dereitos... vou enviarvos unha tarefa que **non** ten que ver co bloque de historia que estamos comezando pero **si** que ten que ver coas ciencias sociais desde o momento que vou falar de persoas, sociedades e do mundo, en xeral. É unha tarefa bastante importante como futuros adultos críticos que seredes nuns anos (que rápido crecedes!). Críticos, si! Pois cada un de vós terá unha idea, uns pensamentos formados ao longo destes anos de infancia e adolescencia a través das vosas experiencias vitais, ensinanzas e aprendizaxes vividas.

É unha **TAREFA OBRIGATORIA**, repito...obrigatoria! 😉 Pero parte da temática xa está máis que falada e coñecida por todos vós. Estou segura.

De momento, toca ler con moita atención...

Esta tarefa obrigatoria valida para esta semana de sociais

Envíos a

martasequeirocuarto@gmail.com

DEPUTADOS POR UN DÍA ... NA CASA! DE ALDEAS INFANTILES

Este é o título da vosa tarefa obrigatoria. Está pensada desde Aldeas infantiles que é unha organización encargada de intentar facer realidade os Obxectivos de Desenvolvemento sostible dentro da axenda 2030.

BLOQUE 1/ Persoas como eu. Loita por cubrir as necesidades básicas:

As nosas vidas poden semellar moi sinxelas: erguémonos no noso cuarto, vestímonos, os nosos pais preparan o almorzo, lévannos á escola onde aprendemos e facemos amizades, xantamos, polas tardes asistimos a clases extraescolares, vemos a tele, facemos os deberes, duchámonos, ceamos e deitámonos. E así un día tras outro. Aburrido ou monótono? Pois para moitos nenos noutros países, e mesmo no noso propio, todo isto non tería nada de corrente e pareceríalles marabilloso e extraordinario: ter un fogar con toda a subministración básica como a auga ou a electricidade, roupa para se vestiren, comida abonda para todo o día, unha escola preto da casa a onde ir, igualdade entre rapaces e rapazas... e, por se todo isto fose pouco, se estamos enfermos, podemos ir ao médico inmediatamente.

BLOQUE 2 /Construír xuntos. Comprometidos co avance colectivo:

Se o primeiro son as necesidades das persoas -o dereito a comer, a educarse, a ter saúde ou a ser un mesmo- o seguinte é ver como facemos para avanzar xuntos como grupo, como sociedade e para que as cousas funcionen mellor en xeral. A ONU tamén pensou neste tipo de obxectivos, que poden aplicarse a todos os millóns de persoas que habitan en tantos e tantos países distintos. Aínda que sexamos tan diferentes, a idea é que todos os países progresen ao mesmo tempo. Non podemos ter un mundo a diferentes velocidades, un “primeiro mundo” e un “terceiro mundo”. Non queremos un planeta en desequilibrio.

BLOQUE 3 / Un planeta para todos. Implícate por un futuro verde e en paz:

Ultimamente, científicos e expertos non paran de publicar estudos e análises que terminan sempre coas mesmas conclusións: ¡SOS, SOS: o planeta Terra está en perigo! Os humanos estamos rompendo o seu equilibrio, consumindo máis da conta e extraendo máis recursos dos que o planeta é capaz de repoñer. Ademais, a contaminación está alterando os ecosistemas e, como resultado, moitas especies de plantas e animais están sufrindo.

Que te pareceron os 3 puntos? Xa coñecedes perfectamente os posibles problemas que poden haber a nivel individual, de sociedade conxunta e xa, a grande escala, co noso planeta. Ou non? Pois ben, vouvos dar unha serie de temas relacionados con eses bloques. Deses temas, teredes que escoller 3 (un de cada bloque). É dicir, un relacionado co bloque “persoas coma min”, outro co bloque “construír con outros e forzar alianzas” e outro co bloque “un planeta para todos”.

Seguide lendo para decidir que escoller 😊 😊 😊

BLOQUE 1: PERSOAS COMA MIN

- **Fin da pobreza**. No noso país, os índices de pobreza non son tan elevados comparados con países de África, Asia ou América latina, pero segue habendo familias e persoas que a padecen. Somos pequenos e podemos comezar xa a facer un traballo moi importante: tomar conciencia de que todas as persoas somos iguais, e de que os que nos atopamos nunha mellor situación social, deberiamos axudar os máis desfavorecidos. Sobre todo, con solidariedade.

- **Fame cero**. Seguro que che parece estraño ler ou escoitar nas noticias que hai xente que pasa fame. De verdade non hai alimentos para todo o mundo se os mercados, os supermercados e as tendas de alimentación están cheos de comida? Parece incrible, pero así é. No noso país a maioría de familias dispoñen de diñeiro suficiente para comprar os alimentos necesarios para levar unha dieta equilibrada e saudable e realizar, polo menos, tres comidas diarias; e para aquelas familias que non dispoñen de diñeiro suficiente, dispoñemos de servizos sociais que achegan recursos para cubrir as necesidades, ademais doutras ONG e asociacións que colaboran para paliar os casos máis graves.

- **Igualdade de xénero**. As nenas e as mulleres representan a metade da poboación e, por tanto, a metade das nosas expectativas de mellorar, estudar, inventar, imaxinar, construír, innovar... Porén, a desigualdade de xénero, é dicir, o feito de que os dereitos das mulleres non se respecten en moitos lugares, fai que perdamos ese marabilloso potencial. Esa desigualdade, por desgraza, pode comezar desde o seu nacemento. Nalgúns países, as nenas non poden acceder á atención sanitaria, ou á alimentación ou impídeselles ir á escola ou á universidade e obríganas a casar e ter fillos, sen que poidan decidir. É inxusto e vai en contra dos Dereitos humanos.

BLOQUE 2: CONSTRUÍR XUNTOS E FORXAR ALIANZAS

- **Traballo decente e crecemento económico**. Na actualidade, calcúlase que hai máis de 200 millóns de persoas sen traballo e case 800 millóns de persoas con emprego, mais con soldos tan baixos que non poden saír da pobreza. Os gobernos deben facer leis e xerar axudas para a creación de emprego para todos: homes, mulleres, rapaces... con salarios dignos, igualdade de trato e boas condicións a nivel de seguridade laboral. Só así, os países poderán ter sociedades máis equitativas e xustas.

- **Redución das desigualdades**. Verdade que non ten ningunha graza poñerse en contra doutro equipo en inferioridade de condicións? Imaxínao: temos menos xogadores, xogamos moito peor, non levamos zapatillas, non merendamos ese día... Así non vale. O interesante de xogar un partido con outro equipo é partir en igualdade de condicións, amosar respecto os uns aos outros, medirse polas mesmas normas e demostrar o que un sabe e se esforza. Se isto non acontece, nada ten sentido. Pois o mesmo pasa co mundo. As diferenzas entre os países máis ricos do planeta e os máis pobres, aínda que se vaian reducindo nalgúns casos, seguen a existir e condicionan a vida e o benestar de todos os individuos.

BLOQUE 3: UN PLANETA PARA TODOS

- **Auga limpa e saneamento.** A auga é un elemento indispensable para que exista a vida e os seres humanos sigamos habitando no planeta. Sen ela, nada sería posible: beber e hidratarse, lavarse as mans ou o corpo, limpar a louza ou a roupa... Precisámola a diario e por iso, tamén é importante que estea ao noso carón e que non haxa que camiñar 15 km para ir buscala e cargala de volta á casa, como acontece nalgúns países. Se é así, a vida entón só xira arredor da auga.

- **Produción e consumo responsable.** A que non ten sentido que comamos froita que chega de países afastados situados en África ou Suramérica cando no noso país hai moita froita rica e variada ao longo de todo o ano? Ademais, xera un proceso moi custoso que o final remata pagando o traballador no país de orixe, o consumidor, e o planeta, xa que implica uns desprazamentos que fan que se empregue combustible que contamina o aire. As persoas son cada vez máis conscientes de que hai que coidar o medio ambiente. Seguro que vós o tedes moi claro, ás veces máis que os vosos pais e avós, porque cada vez adquirides máis compromiso nas escolas coa natureza.

- **Vida submarina.** Hai que comezar a pensar en coidar de xeito especial o noso planeta azul". Hai que reducir ao máximo os residuos que chegan ao mar e aos ríos; depurar os vertidos contaminantes; non empregar bolsas de plástico que en moitas ocasións acaban indo a parar ao mar e que tardan anos en eliminarse; recoller calquera tipo de lixo que xeremos cando se vai á praia ou ao río, etcétera. Queremos mares e océanos limpos, para que todos os seres vivos gocemos de eles.

XA ESTÁ!! Fin do que tedes que ler... non haberá queixa, non? Hai que traballar a lectura e tedes sorte de que non mandara copialo no caderno (é broooooooooma) 😉 😉 😉

Tarefa:

1. Escoller un compromiso /tema de cada bloque (hai 3 bloques, un de cada cor).
2. Escribir unhas palabras sobre cada compromiso escollido. **USO DO GALEGO**.
3. Extensión: máximo unha carilla. Podedes escribilo nun **folio aparte** ou **en word- ordenador**)

Ese texto ten que empezar do seguinte xeito:

Boas a todos os compañeiros do colexio San Rosendo e aos demais colexios participantes desta edición de "Deputados por un día ... na casa". Comparto con todos vós este vídeo pois, como sabedes, este ano non é posible acudir ao parlamente debido á situación que estamos a vivir nas nosas cidades e, na nosa comunidade autónoma, en xeral. Quero darvos moito ánimo a todos pis xa queda menos para xuntarnos novamente.

Os meus compromisos son:

(a partir de aquí escribides os tres compromisos explicando os motivos e razóns)

Elixirei as mellores redaccións para ser os representantes do colexio. Así que...tedes toda a semana para facelo!!! MOITO ÁNIMO e BOA LETRA.